

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 24 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado aos conservatorios superiores de Música para o curso 2018/19.

O Decreto 163/2015, do 29 de outubro, establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia, así mesmo, o Decreto 171/2016, do 24 de novembro, establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e amplíanse os anexos do Plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios. O artigo 5.1 de ambos os dous decretos establece que para o acceso a estas ensinanzas se requirirá cumprir os requisitos establecidos no artigo 54.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así mesmo, o punto 4 dos citados decretos establece que a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos superiores.

Igualmente, a Orde do 21 de novembro de 2016, pola que se regula a ordenación das ensinanzas superiores de Música en desenvolvemento do citado Decreto 163/2015, do 29 de outubro, nos seus artigos 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9, regula respectivamente os requisitos xerais para o acceso, a proba específica de acceso, as características da proba específica de acceso, a proba que substitúe o requisito de titulación, a convocatoria das probas de acceso, o acceso para aspirantes con discapacidade e o acceso para deportistas de alto rendemento e/ou nivel.

En consecuencia, procede ditar instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Música para o curso 2018/19. Xa que logo, en virtude das atribucións que lle son conferidas polo Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta dirección xeral



RESOLVE:

Convocar as probas específicas de acceso aos conservatorios superiores de Música para o curso 2018/19, que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeiro. Acceso

1. De acordo co establecido no artigo 3 da citada Orde do 21 de novembro de 2016, requirirase estar en posesión do título de bacharelato ou título declarado equivalente para os efectos académicos, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a superación da correspondente proba específica de acceso a que se refire o artigo 54.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. De conformidade co establecido no artigo 4.1 da Orde do 21 de novembro de 2016, a proba específica de acceso aos estudos superiores de Música terá por obxecto demostrar que o/a aspirante posúe a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos, e axustarase ao disposto no artigo 5 da citada orde, segundo a especialidade para a que se opte.

3. De conformidade co establecido no artigo 4.2 da Orde do 21 de novembro de 2016, a superación da proba específica de acceso faculta unicamente para a participación do/da aspirante no proceso de admisión a estas ensinanzas no curso para o que son convocadas e realizadas, en calquera dos centros do Estado nos que se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas.

4. Poderanse presentar á proba específica de acceso ás ensinanzas artísticas superiores aquelas persoas que, tendo accedido á universidade por unha vía distinta á do bacharelato, acrediten estar en posesión dun título universitario de licenciado ou graduado. Quen acredite estar en posesión dun título universitario de diplomado poderá presentarse á dita proba se o título universitario de diplomado quedou asimilado ao correspondente título universitario de grao.

5. Aquelas persoas que desexen realizar a proba específica de acceso e teñan pendente algunha das materias do bacharelato poderán inscribirse no proceso de acceso e admisión e realizar a dita proba, e no caso de superala, poderán optar á asignación da praza solicitada, unha vez estean en posesión do título de bacharelato, no prazo extraordinario de matrícula, se houbese vacantes na quenda correspondente, e segundo os criterios de asignación establecidos nesta resolución.



6. A nota media do expediente académico do grao profesional de Música do alumnado que estea en posesión do título profesional de Música ou equivalente suporá un 40 % da cualificación final da proba de acceso. Para tales efectos, e en termos de cómputo, farase unha media ponderada da cualificación media obtida nos estudos do grao profesional.

7. No relativo ao cálculo da nota media do alumnado das ensinanzas profesionais de Música, será tido en conta o establecido polo Real decreto 1953/2009, do 18 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro.

Segundo. Acceso para aspirantes con discapacidade

1. De acordo co establecido no artigo 8 da Orde do 21 de novembro de 2016, os/as aspirantes ao acceso e admisión ás ensinanzas superiores de Música que presenten algunha discapacidade poderán requirir a adaptación que corresponda para a realización das probas de acceso ás ditas ensinanzas.

2. Para tal efecto, os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán presentar, xunto coa súa inscrición no procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas superiores de Música, a documentación que acredite oficialmente a súa discapacidade e unha solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda.

3. Correspóndelle ao tribunal encargado da organización, realización e cualificación de cada proba adoptar as medidas precisas e adaptar os medios e as condicións de realización da proba, co obxecto de permitir que os/as aspirantes con discapacidade poidan realizar a proba correspondente en condicións de igualdade co resto de aspirantes.

Terceiro. Acceso para deportistas de alto rendemento e/ou nivel

De acordo co establecido no artigo 9 da Orde do 21 de novembro de 2016, en cada centro da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparta algunha das especialidades dos estudos superiores de Música, reservaranse adicionalmente as prazas necesarias en cada especialidade impartida, para o acceso a estas dos/das aspirantes coa condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, e que reúna os requisitos académicos establecidos.



Cuarto. *Órganos competentes para resolver os procesos de admisión*

1. Acceso. Tribunais.

De acordo co establecido no artigo 7.4 da Orde do 21 de novembro de 2016, para a organización, realización, avaliación e cualificación da proba específica de acceso, constituirase un tribunal por especialidade e itinerario, que figura no anexo a esta resolución. As direccións dos conservatorios superiores garantirán a actuación destes tribunais e, se é o caso, das suplencias que se poidan producir.

2. Admisión. Comisión de admisión.

Para os efectos de dar cumprimento ao establecido nesta resolución, constituirase unha comisión que supervisará o proceso de admisión do alumnado e o cumprimento das normas que o regulan, e propondrá, se é o caso, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a adopción das medidas que considere adecuadas. Os membros desta comisión son os que se recollen no anexo desta resolución.

Quinto. *Inscripción dos/das aspirantes ao acceso*

1. A inscrición farase nas secretarías dos conservatorios superiores de Música no prazo comprendido entre o día seguinte ao da publicación desta resolución e o 13 de xuño, ambos os dous incluídos. Para tal fin, os centros deberán expor nos seus taboleiros de anuncios a normativa reguladora de admisión do alumnado, así como o número de prazas ofertadas por especialidade e itinerario.

2. Para a formalización das solicitudes de admisión, os conservatorios superiores de Música facilitaránlles ás persoas interesadas o modelo para o efecto. Unha vez cuberto, entregárase unha única instancia na secretaría do centro, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

a) Título de bacharelato ou titulación equivalente, ou certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. No caso de aspirantes que teñan pendente a superación da proba que substitúe o requisito de titulación ou algunha materia do bacharelato, farano constar na solicitude, quedando condicionada a súa admisión á superación dela.



b) Título profesional de Música ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou o libro de cualificacións das ensinanzas profesionais, se é o caso, con indicación da nota media do expediente.

3. O día 15 de xuño, os conservatorios superiores de Música exporán as listaxes provisionais de admitidos/as ás probas específicas no seu taboleiro de anuncios e nas súas páxinas web. As persoas aspirantes que non fosen admitidas ou que observen erros na listaxe poderán presentar a súa reclamación o día 18 de xuño, na secretaría do conservatorio superior no que teñan presentado a súa solicitude de admisión.

4. O día 19 de xuño, os conservatorios superiores de Música deberán achegar á comisión de admisión, a través do correo electrónico: asesoria.musica@edu.xunta.es, a relación definitiva de inscritos/as para o proceso de acceso e admisión, ordenada alfabeticamente, con apelidos, nome, documento nacional de identidade, NIE ou pasaporte, segundo proceda; proba ou probas que deban superar, especialidade/s e itinerario/s dos estudos superiores de Música aos que opte, por orde de preferencia e centros públicos aos que opte por orde de preferencia.

5. O día 19 de xuño, a relación definitiva das persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios de cada conservatorio superior, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.gal>.

Sexto. *Desenvolvemento das probas*

1. As probas específicas de acceso desenvolveranse de acordo co establecido no artigo 5 da Orde do 21 de novembro de 2016, e darán comezo o día 20 de xuño, de acordo co calendario que para tal efecto establece a comisión de acceso.

2. Para a cualificación da parte A da proba da especialidade de Interpretación (agás no itinerario de Jazz), o tribunal emitirá un informe no que constará a relación do programa presentado por cada aspirante e a valoración da súa adecuación á proba de acceso. Igualmente, deberá constar no informe (para cada unha das obras e/ou estudos interpretados), cando menos, valoración dos seguintes aspectos: control técnico do instrumento, calidade do son, expresividade, e estilo.

3. Para a cualificación da parte A da proba no itinerario de Jazz da especialidade de Interpretación, o tribunal emitirá un informe no que constará a relación do programa presentado por cada aspirante e a valoración da súa adecuación á proba de acceso. Igual-



mente, deberá constar no informe (para cada unha das obras interpretadas), cando menos, valoración dos seguintes aspectos: a forma de interpretar o tema, o estilo, o fraseo e a linguaxe empregada, o tempo, a técnica de son, as escalas empregadas, o sentido formal e a coherencia xeral.

Sétimo. *Reclamacións e recursos*

1. De acordo co establecido no artigo 32 da Orde do 21 de novembro de 2016, a cualificación das probas específicas de acceso poderá ser obxecto de reclamación perante o director ou directora do centro, quen a someterá ao tribunal avaliador correspondente. Logo de recibido o informe do tribunal, o director ou directora do centro emitirá resolución motivada ao respecto no prazo de dous días.

2. Contra a resolución do director ou directora do centro, o/a interesado/a poderá presentar recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación. No caso de que o recurso se presente a través do centro, a dirección tramitarao xunto coa documentación correspondente nun prazo non superior a 48 horas. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

3. Tamén poderán ser obxecto de reclamación os acordos e decisións sobre a asignación de prazas, mediante escrito fundamentado ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dirixida á comisión de acceso, e/ou mediante correo electrónico no seguinte enderezo: sxapere@edu.xunta.es.

Oitavo. *Admisión do alumnado*

1. Concluída a proba específica, e antes do día 29 de xuño, os tribunais publicarán a listaxe de aspirantes presentados/as con expresión da cualificación final obtida na proba específica, e aspirantes non presentados/as, ordenada segundo a cualificación obtida na proba de acceso, en orde decrecente, no taboleiro de anuncios e na páxina web dos conservatorios superiores de Música, e remitirán a dita listaxe á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a súa publicación no portal educativo. Contra as cualificacións obtidas, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación os días 2 e 3 de xullo ante a dirección do centro, que resolverá de acordo co establecido no punto sétimo desta resolución.



2. O día 6 de xullo as direccións dos centros publicarán a listaxe definitiva nos taboleiros de anuncios e nas páxinas web dos conservatorios superiores de Música, achegando as ditas listaxes á comisión de admisión, a través do correo electrónico asesoria.musica@edu.xunta.es.

3. A comisión, á vista das listaxes de aspirantes que superaron a proba de acceso, determinará, en función do número de vacantes, os/as aspirantes que obtiveron praza nos respectivos conservatorios, e publicará o día 10 de xullo, no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.gal>, a listaxe definitiva de alumnado admitido en cada conservatorio por especialidade e itinerario.

Noveno. *Matrícula*

1. Os/as aspirantes que obteñan praza deberán formalizar a súa matrícula entre os días 11 e 20 de xullo, ambos os dous incluídos.

2. Para a formalización da matrícula, os conservatorios facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo para o efecto. Unha vez cuberto, entregárase na secretaría do conservatorio e xuntárase á documentación xa presentada polo/a aspirante. A non formalización da matrícula no prazo estipulado, agás causas debidamente xustificadas, que valorará a dirección do conservatorio, implicará a perda do dereito á praza asignada para cursar estas ensinanzas no curso académico 2018/19.

3. No caso de quedaren prazas vacantes, o centro poderá realizar probas de acceso extraordinarias no mes de setembro, de acordo co establecido nesta resolución. Para tal fin, o centro establecerá un calendario destas na primeira quincena de setembro e fará públicas as vacantes nas distintas especialidades no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro. Finalizado este proceso, o centro comunicará á dirección xeral competente en materia de educación o resultado destas probas e, de ser o caso, o número de prazas que quedasen sen cubrir.

4. A posta en marcha de cada especialidade estará condicionada á existencia dun número mínimo de alumnos e alumnas admitidos/as. Non se cuantifica para estes efectos o alumnado repetidor.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional
e Innovación Educativa



ANEXO

1. Comisión de admisión aos estudos superiores de Música para o curso 2018/19.

Presidenta: M^a Teresa Bárbara Criado.

Secretario: Julio Mourenza Torreiro.

Vogais: Esteban Valverde Corrales, Leticia Presas Freire, Roberto Noche García.

2. Tribunais encargados da redacción, realización e cualificación das probas específicas de acceso aos estudos superiores de Música.

Tribunais CMUS Superior da Coruña. Convocatoria 2018/19.

– Composición:

Presidente: Manuel A. Varela Sanjurjo.

Vogais: Mario Seoane Blanco, Julián Rodríguez Rodríguez.

Suplentes: M^a Paz Pita Vázquez, José Baldomir Fernández.

– Dirección:

Presidente: Fernando López Briones.

Vogais: Elisa Timiraos Ferreiro, Sergio Añón Lijó.

Suplentes: Alicia González Permuy, Javier Vázquez Grela.

– Interpretación. Itinerario Acordeón:

Presidente: Fernando Fraga Traba.

Vogais: Alfonso Vales González, Julián Rodríguez Rodríguez.

Suplentes: Giselle Grau Garcells, Alicia González Permuy.

– Interpretación. Itinerario Arpa:

Presidenta: Bleuenn Le Fric.

Vogais: Javier Ares Espiño, Manuel Varela Sanjurjo.

Suplentes: Javier Vázquez Grela, Pablo Diago Busto.



– Interpretación. Itinerario Canto:

Presidenta: M^a Teresa Bárbara Criado.

Vogais: Carolina Pérez Vázquez, Mario Seoane Blanco.

Suplentes: Alicia Núñez Vallejo, Laura M^a Díaz Pérez.

– Interpretación. Itinerario Guitarra:

Presidente: Eulogio García Fernández Albalat.

Vogais: Ramón Luis Carnota Méndez, Antonio Peña Fernández.

Suplentes: Rodolfo García Alonso, Pablo Guillermo Ruibal Armesto.

– Interpretación. Itinerario Jazz:

Presidente: Marcelino Galán Pérez.

Vogais: Roberto Somoza Fachado, Joaquín García Souto.

Suplentes: Alberto Conde de León, Hansel Luís Díez.

– Interpretación. Itinerario Corda fretada (violín, viola, violonchelo, contrabaixo):

Presidente: Sergio Sieiro Rey.

Vogais: Carolina Landriscini Marín, Nerea Casanova Gilsanz, Rogelio Groba Otero, M^a Paz Pita Vázquez.

Suplentes: Ana Ávalos Irañeta, Clara Groba Otero.

– Interpretación. Itinerario Percusión:

Presidente: Luis Miguel Sobrevela Romaguera.

Vogais: Pilar García Ríos, Patricia T. Sánchez Cao.

Suplentes: Pedro Fernández Roque, Ricardo Blanco Rodríguez.

– Interpretación. Itinerario Piano:

Presidente: Daniel Zacarés Costa.

Vogais: José Manuel Yáñez Carballeira, Antonio Peña Fernández.

Suplentes: Rosa M^a García Barcia, Julio Mourenza Torreiro.



– Interpretación. Itinerario Vento madeira (tribunal I: clarinete, saxofón):

Presidente: Narciso Pillo Guerreiro.

Vogais: José M^a Belló García, Patricia T. Sánchez Cao.

Suplentes: María de la O Gil Lago, Pablo Coello Rodríguez.

– Interpretación. Itinerario Vento madeira (tribunal II: fruta traveseira, óboe, fagot):

Presidente: César Concheiro Guerrico.

Vogais: Miguel Gil Peris, Jesús Coello Rodríguez, Ismael Vaquero Baquero, José Baldomir Fernández.

Suplentes: Irina Moryatova Yakymicheva, Jorge Briones Martínez.

– Interpretación. Itinerario Vento metal:

Presidente: Andrés Vales González.

Vogais: Iago Ríos Martínez, Benjamín Iglesias Martínez, Ignacio Fernández Rodríguez, José Baldomir Fernández.

Suplentes: Gonzalo Sánchez García, Arturo Centelles Fabado.

– Pedagogía. Itinerario Pedagogía xeral e da linguaxe musical:

Presidenta: T. Matilde Rubio Mur.

Vogais: Ana M^a López Castaño, Pilar Cancio López.

Suplentes: Janet Salinas Cabrera, Leticia Presa Freire.

Tribunais CMUS Superior de Vigo. Convocatoria 2018/19.

– Composición:

Presidente: José Antonio Cantal Mariño.

Vogais: Juan Manuel Eiras Tojo, Pablo Beltrán Sobrado.

Suplentes: Carlos M. Cambeiro Alís, Diego David Cuevas Sánchez.

– Interpretación. Itinerario Canto:

Presidenta: Patricia Blanco Piñeiro.

Vogais: M^a Teresa Novoa Freitas, Diego David Cuevas Sánchez.

Suplentes: Beatriz Riobó Agulla, Carlos Enrique Pérez Gómez.



– Interpretación. Itinerarios Clave, Viola da gamba e Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco:

Presidente: Rafael Muñoz Rodríguez.

Vogais: Sara Ruíz Martínez, M^a del Mar Blanco Moreno, José Antonio Cantal Mariño, Manuel Morales Fernández.

Suplentes: Emilio Lede Abal, José Luis Fernández Rodríguez.

– Interpretación. Itinerario Corda fretada (contrabaixo, viola, violín e violonchelo):

Presidente: Marta Vélez Pérez.

Vogais: Ana Torres Estarque, Francisco Javier Escobar Vidal, Juan Carlos Villar del Saz, Juan Manuel Eiras Tojo.

Suplentes: Mario Peris Salóm, Álvaro Quintanilla Marfúl.

– Interpretación. Itinerario Guitarra:

Presidenta: Margarita García Escarpa.

Vogais: Antonio Rocha Álvarez, Carlos Cambeiro Alís.

Suplentes: José Luis Fernández Rodríguez, Manuel Martínez Álvarez-Nava.

– Interpretación. Itinerario Instrumentos da música tradicional e popular:

Presidenta: Rebeca Carrera Argibay.

Vogais: Lorena Freijeiro Alonso, Pablo Beltrán Sobrado.

Suplentes: José Manuel Fernández González, Carolina Queipo Gutiérrez.

– Interpretación. Itinerario Percusión:

Presidente: Carlos Castro Roig.

Vogais: Vicent Grau i Díaz, Jacobo Gaspar Grandal.

Suplentes: Nicasio Gradaille Peña, Rafael S. Yebra Rivera.

– Interpretación. Itinerario Piano:

Presidenta: Patricia Rejas Suárez.

Vogais: Arabel Moráguez Garcell, Carlos M. Cambeiro Alís.

Suplentes: Pablo Rodríguez Fernández, Severino Ortiz Rey.



– Interpretación. Itinerario Vento madeira (tribunal I: clarinete, saxofón):

Presidente: Roberto C. Noche García.

Vogais: Alejandro Troya Navarro, Jacobo Gaspar Grandal.

Suplentes: Rafael S. Yebra Rivera, Francisco Pérez Rodríguez.

– Interpretación. Itinerarios Vento madeira (tribunal II: frauta traveseira, óboe, fagot):

Presidente: Ricardo Pazo García.

Vogais: Manuel Morales Fernández, Asterio Leiva Piñeiro, Óscar Araujo Comesaña, Diego David Cuevas Sánchez.

Suplentes: Fernando Raña Barreiro, Esteban Valverde Corrales.

– Interpretación. Itinerario Vento metal:

Presidente: Enrique Lorenzo Vila.

Vogais: Jonathan Vázquez Carrera, Jesús Vicente Monzó, Javier Viceiro Filgueira, Emilio Lede Abal.

Suplentes: Adolfo Caride Rodríguez, Alejo Amoedo Portela.

– Musicoloxía. Itinerarios Etnomusicoloxía e Musicoloxía histórica:

Presidente: Julio Carlos Alonso Monteagudo.

Vogais: Javier Luis Jurado Luque, Roberto Francisco Relova Quinteiro.

Suplentes: Carolina Queipo Gutiérrez, Myriam Pías González.

– Pedagogía. Itinerario Pedagogía xeral e da linguaxe musical:

Presidenta: Nieves Salguero Núñez.

Vogais: M^a Soledad Pérez Pintos, María Josefa Torres Estarque.

Suplentes: Lilián de Arredondo Cuéllar, Isabel Gil Lloréns.

– Producción e Xestión.

Presidente: Julio Carlos Alonso Monteagudo.

Vogais: José Antonio Cantal Mariño, Roberto F. Relova Quinteiro.

Suplentes: Javier Jurado Luque, Luis Costa Vázquez.

